



Concurso Samaín

1. PARTICIPACIÓN: poderá participar todo o alumnado do IES As Lagoas.
2. OBRAS: microrrelatos de medo, escritos en GALEGO, ORIXINAIS e INÉDITOS.
3. CATEGORÍAS: unha categoría para 1º e 2º ESO e outra para 3º, 4º da ESO e Bacharelato.
4. PRESENTACIÓN: deberán estar presentados sobre unha cartolina que represente unha bruxa, unha cabaza, un morcego ou calquera outro elemento terrorífico. A extensión máxima será de 150 palabras. Deberá ir asinado con pseudónimo. Presentarase en sobre pechado. No interior deste, noutro sobre, figurarán o nome e apelidos, curso e grupo do autor ou autora. Só se presentará unha obra por autor/a.
5. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN: os traballos entregaranse ao profesorado de Lingua Galega e Literatura ou de Educación Plástica e Visual antes do 3 de novembro de 2023.
6. PREMIOS: haberá un premio para cada categoría. De ser o caso, poderase conceder ata un máximo dun accésit por categoría.
7. CONVOCAN: Equipo de Dinamización da Lingua Galega en colaboración co Departamento de Lingua Galega e o Departamento de Educación Plástica e Visual.